

Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría - ETSE

Oscar Rodríguez Figueiras, secretario da Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría na sesión extraordinaria celebrada o 20 de setembro de 2021 aprobou os seguintes puntos que se indican a continuación.

1.- Aprobación das actas das reunións anteriores.

A Comisión Permanente aproba as actas das reunións de 16/11/2020, 23/11/2020, 22/12/2020, 3/02/2021, 14/04/2021, 12/05/2021, 8/06/2021, 20/07/2021, e 20/09/2021.

2.- Aprobación do Informe de adscrición de materias do Grao en Enxeñaría Informática (G4012) para o curso 2022-23.

A Comisión Permanente aproba a adscrición de materias remitidas pola Comisión de Título. Fican pendentes de aprobación 12 materias optativas e unha obrigatoria de 4º curso.

3.- Aprobación da creación dunha cátedra institucional.

A Comisión Permanente aproba a creación da Cátedra Institucional da Transición Enerxética, financiada por GENESAL ENERGY e promovida polo Prof. Enrique Roca Bordello.

4.- Aprobación do nomeamento da coordinadora de 2º curso de Grao en Enxeñaría Química.

A Comisión Permanente aproba o nomeamento da Profª Sara González García coordinadora de 2º curso de Grao en Enxeñaría Química.

E para que así conste, asino o presente documento en Santiago de Compostela.

Anexos: Actas das reunións da Comisión Permanente.

ACTA

Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Data: 16 de novembro de 2020

Hora: 12:30h (2ª convocatoria)

Lugar: MS TEAMS

Asistentes

Julia González Álvarez

Óscar Rodríguez Figueiras

Anuska Mosquera Corral

Tomás Fernández Pena

Mª Carmen Palacios Oubiña

Felipe Gago Couso

David Lopez Vilariño

Juan Carlos Pichel Campos

Pedro José Saco Lopez

Xustifican a súa ausencia: Francisco Omil Prieto, David Losada Carril.

1. Solicitude de dispensa de clase.

Solicitude de dispensa dun alumno do curso ponte do Grao en Enxeñaría Química. Solicita dispensa de asistencia a Inglés Técnico (materia de 1º curso). Non hai actividade na materia que obrigue á asistencia ás clases, polo que a comisión do título informou positivamente. Non habendo comentarios dos presentes, é aprobada por asentimento a dispensa.

2. Adscrición de materias do Grao en Enxeñaría Informática

Na anterior reunión da comisión permanente decidiuse manter o acordo da comisión de título. Pero a materia Modelos e Técnicas de Optimización non tiña sido tratada na comisión de título. Hai dúas áreas con adscrición, Estatística e Investigación Operativa e Matemática Aplicada. Proponse manter afinidade 3 a Estatística e Investigación Operativa e asignar afinidade 2 a Matemática Aplicada, xa que é unha posta ó día dunha optativa anterior que tiña adscrición 3 á área de Estatística. Ademais, o Departamento de Electrónica e Computación non asigna afinidade máxima a mais dunha área se non imparte docencia. Apróbase a adscrición por asentimento.

Sen mais asuntos a tratar, péchase a sesión ás 12:40.

ACTA

Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Data: 23 de novembro de 2020

Hora: 12:30h (2ª convocatoria)

Lugar: MS TEAMS

Asistentes

Gago Couso Felipe

Gonzalez Alvarez Julia

Lopez Vilariño David

Losada Carril David Enrique

Palacios Oubiña M Carmen

Pichel Campos Juan Carlos

Rodriguez Figueiras Oscar

Saco Lopez Pedro Jose

Xustifican a súa ausencia: Francisco Fernández Rivera, Gumersindo Feijoo Costa

PUNTO ÚNICO: Emisión de informe para a creación do centro singular CRETUS.

A Directora informa que o Vice-Reitor de Investigación solicitou á Escola Técnica Superior de Enxeñaría, como centro de varios investigadores garantes de CRETUS, informe sobre a creación do Centro Singular CRETUS. Enviouse para avaliación a memoria de creación do Centro Singular, a lista de investigadores garantes, así como o informe da súa comisión externa. O Centro Singular inclúe PDI de 17 grupos de investigación da USC, de 13 áreas de coñecemento diferentes, dos que 24 son do Departamento de Enxeñaría Química e un do Departamento de Electrónica e Computación.

A Directora comenta o enfoque estratéxico, modo de goberno e xustificación de creación incluídos na memoria, e a relevancia do informe da Comisión Externa. Non habendo comentarios dos membros da Comisión, apróbbase por unanimidade.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a sesión ás 12:40 h.

ACTA

Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Data: 22 de decembro de 2020

Hora: 12:00h (2ª convocatoria)

Lugar: MS TEAMS

Asistentes

Francisco Fernández Rivera

Julia González Álvarez

Francisco Omil Prieto

Mª Carmen Palacios Oubiña

Óscar Rodríguez Figueiras

Pedro José Saco López

Xustifican a súa ausencia: David López Vilariño, Tomás Fernández Pena, Juan Carlos Pichel Campos.

PUNTO ÚNICO: Aprobación de modificacións nas guías docentes, apartado avaliación

Os cambios aplicados xa foron aprobados polos Departamentos e Comisións dos Títulos. É agora necesaria a aprobación do Centro, a través da Comisión Permanente. No Grao en Enxeñaría Química son cinco materias: Fundamentos de Procesos Químicos, Enxeñaría da Reacción Química, Termodinámica Aplicada, Seguridade e Prevención de Riscos, e Química Analítica. Polo Grao en Enxeñaría Informática, tres materias: Calidade dos Sistemas de Información, Interacción Persoa-Ordenador, e Xestión de Proxectos Informáticos. Os cambios propoñen a avaliación presencial en aula, que se aproban por unanimidade.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a sesión ás 12:10 h.

ACTA

Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Data: 3 de febreiro de 2021
Hora: 12:00h (2ª convocatoria)
Lugar: MS TEAMS

Asistentes

Francisco Fernández Rivera
Felipe Gago Couso
Julia González Álvarez
David López Vilariño,
Mª Carmen Palacios Oubiña
Juan Carlos Pichel Campos
Óscar Rodríguez Figueiras

Xustifican a súa ausencia: Francisco Omil Prieto, Tomás Fernández Pena.

PUNTO ÚNICO: Aprobación da declaración de intencións de modificación do plan de estudos de Máster de Computación de Altas Prestacións

A Directora explica que hai unha situación problemática no Máster de Computación de Altas Prestacións: Se vai cancelar a matrícula dun alumno porque ven da área de económicas, e na memoria do título se esixe un título de informática ou de calquera área de ciencias. O cambio no plan de estudos pretende que se poida aceptar a alumnos de áreas transversais, fora do ámbito da informática ou ciencias (economía, socioloxía...). Poden resultar áreas de interese para aplicacións informáticas.

Tamén se pretende clarificar a esixencia de nivel de inglés. Actualmente pídense coñecementos a nivel B1, que se poden acreditar despois do ingreso. Os criterios para acreditar o nivel de inglés, tanto na USC coma na UdC:

- Certificado oficial de nivel B1 de inglés (ou superior).
- Nota maior ou igual a 7 en inglés no bacharelato.
- Diploma B1 do Centro de Linguas Modernas da USC ou da UdC, ou de outra Universidade española.

Isto sería unha modificación substancial do título.

Non hai comentarios dos membros da comisión, polo que se aproba por asentimento.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a sesión ás 12:12 h.

ACTA

Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Data: 14 de abril de 2021
Hora: 9:30h (2ª convocatoria)
Lugar: MS TEAMS

Asistentes

Fernández Pena Anselmo Tomas; Fernández Rivera Francisco Manuel; Gago Couso Felipe; González Álvarez Julia; Losada Carril David Enrique; Mosquera Corral Anuska; Omil Prieto Francisco; Rodríguez Figueiras Oscar; Saco López Pedro Jose

Xustifican a súa ausencia: López Vilariño David; Pichel Campos Juan Carlos.

PUNTO ÚNICO: Aprobación de informe docente para acreditación

A Directora informa da solicitude de informe de calidade do cente solicitado polo Prof. José María Alonso Moral. A Directora resume a memoria presentada, con destaque para a participación na docencia en grao e curso ponte, formación con cursos do PFID, dirección de TFG e participación en tribunais de TFG, na organización de escolas de verán e programas A Ponte e STEMBach. Comenta tamén as enquisas e o grao de participación.

Sen comentarios por parte da comisión, decídese dar informe favorable por unanimidade.

Sen mais asuntos que tratar, dáse por finalizada a sesión ás 9:40 h.

ACTA

Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Data: 12 de maio de 2021
Hora: 9:30h (2ª convocatoria)
Lugar: MS TEAMS

Asistentes

Fernandez Pena Anselmo Tomas, Fernández Rivera Francisco Manuel, Gago Couso Felipe, González Alvarez Julia, Losada Carril David Enrique, Palacios Oubiña M Carmen, Pardo López Xosé Manuel, Pichel Campos Juan Carlos, Rodríguez Figueiras Oscar, Saco López Pedro Jose

Xustifican a súa ausencia: López Vilariño David,

PUNTO ÚNICO: Aprobación da proposta de Comisión Redactora do Grao en Intelixencia Artificial

A Directora informa que hai unha nova situación co acordo coa Xunta de Galicia para implantar Grao e Máster en Intelixencia Artificial nas 3 universidades galegas. É preciso unha memoria consensuada entre as 3 Universidades, e traballo conxunto.

A composición da comisión redactora debe ter 3 membros de cada Universidade: un responsable do centro e 2 membros adicionais. Pola USC sería David Losada como representante da Dirección, e MªJosé Carreira e Alberto Bugarín, que xa estaban na comisión redactora anterior. xa comezaron a traballar, pero é necesaria a constitución oficial. Partindo da memoria orixinal, quérese facer un grao con 2 cursos comúns ás 3 Universidades e 2 cursos de especialización propia de cada Universidade.

O Prof. FMFR pregunta como foron elixidos os membros. DELC responde que foron escollidos pola propia comisión redactora anterior. De feito, a comisión redactora anterior será informada informalmente da evolución, para ter en conta as diferentes sensibilidades do departamento de Electrónica e Computación.

Sen máis comentarios nin asuntos que tratar, dáse por finalizada a sesión ás 9:40 h.

ACTA

Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Data: 8 de xuño de 2021
Hora: 9:00h (2ª convocatoria)
Lugar: MS TEAMS

Asistentes

Fernandez Pena Anselmo Tomas, Fernández Rivera Francisco Manuel, Gago Couso Felipe, González Alvarez Julia, López Vilariño David, Losada Carril David Enrique, Mosquera Corral Anuska, Omil Prieto Francisco, Pardo López Xosé Manuel, Rodríguez Figueiras Oscar

Xustifican a súa ausencia: Pichel Campos Juan Carlos

PUNTO ÚNICO: Expresións de interese para novos másters

A Directora informa do documento que elaborou FEUGA e que indica a proposta de novos Másters que FEUGA estima como prioritarios para Galicia. Hai expresións de interese para 5 novos másters, 3 propostos polo Departamento de Electrónica e Computación (DEC) e 2 polo Departamento de Enxeñaría Química (DEQ). Os másters de interese para o DEC son en IoT, e-Health e Realidade Estendida, que deben xustificarse con base a recursos humanos e infraestructuras. Por parte do DEQ, os másters de interese son máster en xestión sustentable e avanzada da auga, e máster en economía circular. A idea do DEQ é participar en algunhas das materias destes másters, non coordinar.

A ETSE dispón de 9 aulas, onde se imparten actualmente 2 graos (que precisan de 4 aulas) e 5 másters (que precisan de 5 aulas).

No DEC xa hai contactos coa Universidade da Coruña (UdC) e a Facultade de Medicina para o Máster en e-Health. Para os de IoT e realidade estendida non hai contactos previos.

O Prof. XMPL indica que falou cos promotores de ambos másters e o que fai falla é espazos e masa crítica.

A Profª AMC pregunta se é necesario aprobar na reunión eses másters.

O Prof. FOP considera que a oferta é desproporcionada: se fala de montar másters, pero non de desmontar. hai hoxe másters con matrícula moi baixa. É difícil manter másters con matrícula alta. Indica que participou na proposta do máster en xestión sustentable e avanzada da auga: Ten moito de estruturas (enxeñaría civil) pero non de tratamento da auga. . O que se fai é substituír un anterior por este novo. A intención é non coordinar, senón que se complementa . os recursos necesarios é o profesorado, non recursos materiais. E se ve o máster como un complemento ao de Enxeñaría Ambiental. Sobre o máster en economía circular, a complementariedade tamén é alta.

O Prof. FMFR está de acordo con XMPL: o punto en que se encontra o proceso é confuso. Pero o que se pide é unha expresión de interese. Pensa que se pode participar en algúns, non coma organizadores senón coma participantes puntuais, dadas as capacidades. Non para liderar un máster. Se isto é incorrecto, entón hai que replantear.

A Directora indica que sería necesario reorganizar a oferta de títulos do centro.

XMPL indica que na Comisión de Docencia do DEC había dúbidasdo que se pretende dende o Reitorado coa expresión de interese. Non houbo filtrado: xa hai un máster en Intelixencia Artificial previsto: Se a cuestión e mostrar interese ou capacidade, e o filtrado se fará despois... Algunhas propostas nin sequera están traballadas con outros departamentos ou centros ou universidades.

FGC indica que quen ten que facer a proposta é o centro. As propostas dos departamentos deben ser mais concretas, coherentes e armonizadas.

ATFP indica que as áreas teñen interese en participar, hai especialistas nas áreas. Polo menos en algúns puntos dos másters...

A Directora indica que os Departamentos teñen capacidades, pero o centro ten limitacións polos espazos. A responsabilidade da capacidade docente é do Departamento, pero a dos espazos é do centro.

FOP indica que ás veces o que falla é a visión de conxunto, e que a coordinación de títulos supón unha cantidade de tempo importante.

A Directora indica que se pode presentar a expresión de interese, pero con condicionantes. AMC comenta que se debe pedir a ampliación da ETSE.

DELC indica que aínda que se faga a expresión de interese, é importante priorizar: que másters interesan mais, que másters deben avanzar.

FMFR pide que se faga como centro a expresión de interese, comentando as capacidades e posibilidades. Pero a proposta do Departamento en conxunto é inabordable. A proposta do centro ten limitacións, e haberá que priorizar as propostas ou reconsiderar algunhas.

A Directora propón presentar a solicitude do DEC incluíndo as limitacións. A ampliación do centro aínda non está completamente definida. O Prof. XMPL apoia esta proposta.

O Prof. DLV indica que a sensación que deixou o DEC é que hai interese e capacidades para participar en algúns deses másters, non todos á vez. Pero a idea é non renunciar a ningún deles.

DELC comenta as incertezas: O máster en e-health é organizado por Medicina, para alumnos de medicina, e se prestaría apoio? Ou organizado pola ETSE para alumnos de informática?

FOP indica que nos movemos nun punto común: por un lado pídesse expresión de interese. Pero falar en criar ou coordinar un máster son palabras maiores. Hai unhas propostas mais concretas, e outras menos concretizadas. As dúas cousas son compatibles. Pero unha oferta moi grande debilita o que xa temos. A Directora conclúe en presentar as propostas como se recibiron, xunto coa problemática e as limitacións do centro. DELC indica que se debe informar ao DEC desas limitacións e comezar a considerar globalmente o mapa de títulos. O Máster en Intelixencia Artificial xa é seguro.

Sen mais comentarios, a Comisión acorda por asentimento presentar as propostas de expresión de interese como se recibiron dos Departamentos, xunto coa problemática e as limitacións do centro.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a sesión ás 10:00 h.

ACTA

Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Data: 20 de xullo de 2021
Hora: 13:30h (2ª convocatoria)
Lugar: MS TEAMS

Asistentes

Fernandez Pena Anselmo Tomas, Gago Couso Felipe, González Alvarez Julia, López Vilariño David, Losada Carril David Enrique, Omil Prieto Francisco, Palacios Oubiña M Carmen, Pichel Campos Juan Carlos, Rodríguez Figueiras Oscar.

Xustifican a súa ausencia: Fernández Rivera Francisco Manuel, Pardo López Xosé Manuel, Saco López Pedro Jose

PUNTO ÚNICO: Aprobación de informe docente para acreditación

A Directora informa da solicitude do Prof. Miguel Mauricio dun informe docente favorable para acreditación. Comparte en pantalla e comenta o informe de actividades presentado polo Prof. Mauricio, que inclúe actividade docente nos períodos 2014-2016 como investigador e dende outubro de 2020 como Profesor Contratado Doutor. As actividades inclúen visitas técnicas, a elaboración de material docente, a participación en cursos de formación docente e a coordinación do 1º curso do Grao en Enxeñaría Química (2015-2016). A Directora valora que parte destas actividades foran desenvolvidas incluso antes de ter unha praza de profesor.

Sen mais comentarios, o informe favorable é aprobado por asentimento.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a sesión ás 13:40 h.

ACTA

Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Data: 20 de setembro de 2021
Hora: 11:30h (2ª convocatoria)
Lugar: MS TEAMS

Asistentes

Fernandez Pena Anselmo Tomas, Fernández Rivera Francisco Manuel, González Alvarez Julia, López Vilariño David, Losada Carril David Enrique, Mosquera Corral Anuska, Palacios Oubiña M Carmen, Pichel Campos Juan Carlos, Rodríguez Figueiras Oscar.

Xustifican a súa ausencia: Pardo López Xosé Manuel, Saco López Pedro Jose Omil Prieto Francisco,

PUNTO ÚNICO: Dispensa de asistencia a clase.

A Directora informa que foi recibida solicitude de dispensa de asistencia a clase dos alumnos do Máster en Enxeñaría Ambiental Diana Castro Anca e Lucas Gastón Storto Leiva, para as materias P4012112 Avaliación de Impacto Ambiental, P4012113 Deseño Ecolóxico de Procesos e Produtos, e P4012209 Tecnoloxías Limpas.

Tras avaliación da solicitude e o informe positivo da Comisión do Máster, a Comisión Permanente aproba por asentimento a dispensa de asistencia a clases de ambos estudantes.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a sesión ás 11:40 h.